

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE VECIÑOS DE LUGO *LUCUS AUGUSTI* PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE IGUALDADE E LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO NO MEDIO RURAL DA PROVINCIA DE LUGO, NO MARCO DO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

MEMORIA EXPLICATIVA

De conformidade co Decreto 215/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego e Igualdade, á Secretaría Xeral da Igualdade, como órgano superior da Administración autonómica en materia de igualdade, correspóndelle impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.

A Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero articula medidas dirixidas a reforzar os servizos sociais de información, atención, emerxencia, apoio e recuperación integral, así como o establecemento dun sistema para a eficaz coordinación dos servizos existentes a nivel municipal e autonómico. Establece o dereito das mulleres vítimas de violencia a servizos de atención, de emerxencia, de apoio, de acollida e de atención integral. A organización destes servizos por parte das Comunidades Autónomas e Corporacións Locais responderá aos principios de atención permanente, atención urxente, especialización de prestacións e multidisciplinariade profesional.

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, inclúe como un dos seus principios a equidade territorial e nel faise referencia a que no desenvolvemento da rede de recursos e servizos de



prevención, atención, apoio tratamento e protección da violencia de xénero terase en conta a necesidade de compensar os desequilibrios territoriais, garantindo o seu acceso á totalidade das mulleres, especialmente ás que viven no ámbito rural.

Pola súa banda, o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, aprobado na sesión plenaria do Congreso o 28 de setembro de 2017 (Informe da Subcomisión para un Pacto de Estado en materia de violencia de xénero) e na sesión do Senado do 13 de setembro de 2017, (Informe da Ponencia de Estudo para a elaboración de estratexias contra a violencia de xénero), as medidas do Pacto de Estado céntranse, entre outras, nunha serie de actuacións dirixidas ao fomento das accións de sensibilización da sociedade e da prevención de violencia de xénero, desenvolvendo accións dirixidas a sensibilizar a toda a sociedade; en concreto, a medida 31, recolle que pola súa especial incidencia desenvolveranse campañas dirixidas especificamente a mulleres que viven no ámbito rural, garantíndolles maior accesibilidade aos recursos e á información.

Así mesmo o eixo 3 do Pacto de Estado recolle no seu punto 5 un apartado específico adicado ao Rural e nel establécense medidas que abranguen desde o incremento da atención ás vítimas nas zonas rurais, cun maior número de centros de acollida e información, ao impulso ás asociacións de mulleres no ámbito rural así como a realización dun estudo da situación das mulleres vítimas de violencia de xénero no mundo rural.

A Federación de Asociacións de Veciños de Lugo Lucus Augusti ten entre os seus obxectivos a loita contra a violencia de xénero en todos os ámbitos, principalmente no medio rural, en pequenos municipios, onde a información non chega facilmente e onde os prexuízos sociais impiden as mulleres dar a coñecer a súa penosa situación persoal, xa que a denuncia non sempre é fácil, en moitos casos as mulleres séntense illadas.

A Federación ven desenvolvendo accións de sensibilización, concienciación e asesoramento coas mulleres do rural da provincia de Lugo.

A Consellería de Emprego e Igualdade, de cara a mellorar a situación das mulleres que viven no rural na provincia de Lugo, a conseguir un empoderamento da muller como eixo vertebrador do medio rural, a prever a violencia contra as mulleres e dada a inexistencia de outros programas



similares en Galicia cun obxectivo tan específico estima conveniente asinar un convenio de colaboración coa Federación de Asociacións de Veciños de Lugo *Lucus Augusti* para o desenvolvemento dun programa de igualdade e loita contra a violencia de xénero no medio rural da provincia de Lugo.

O obxecto do convenio é a colaboración no financiamento dos gastos de persoal e gastos correntes a través de medidas de sensibilización e formación e a realización de actividades coas que se pretende acadar o empoderamento das mulleres do rural de Lugo.

A secretaria xeral da Igualdade

Susana López Abella

